- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.



UD	Título da UD	Duración
3	Unidade de consolidación: afondamento no estudo da sintaxe e coñecemento e estudo da literatura actual.	36

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos de carácter multimodal.	PE	56
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos con atención a todos os parámetros da lingua.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de forma gradualmente autónoma.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios de forma gradualmente autónoma.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido global dun texto.		
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar de forma crítica o contido e a estética dos textos literarios.		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar elementos para enriquecer os textos.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar a interpretación de obras literarias en relación ao contexto histórico e ideolóxico en que foron escritas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer vínculos entre a literatura e outras formas de expresión artística.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos literarios persoais ou en grupo con apoio doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar e corrixir os textos propios de maneira gradualmente autónoma.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre os propósitos educativos e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Relacionar o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e rexeitar os usos discriminatorios da lingua e as manipulacións a través da linguaxe.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar argumentacións orais complexas.	TI	44
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	Organizar e integrar a información en esquemas propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler e valorar de forma autónoma textos literarios.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos de enriquecemento dos textos.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións e utilizar a metalinguaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escucha activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
  - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición
  - Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas vi
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
  - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
  - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
  - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
  - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
  - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
  - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.

## Contidos

- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que empregaremos desde o noso departamento será a seguinte:

Na primeira sesión do curso administaráselle ao alumnado unha proba de avaliación inicial, que constará de contidos de lingua e literatura estudados en terceiro. Esta proba servirá para saber de que nivel parten, e para entender que partes se estudaron no curso anterior, e cales non, dependendo da docente coa que tiveran clases.

Nas sesións inmediatamente posteriores, será importante explicar ver de forma conxunta a avaliación da proba e inicial, e explicar como se desenvolverán as clases. **Así, procederase** a explicar ao alumnado as normas xerais da clase: as normas da materia, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso, os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva, os criterios de cualificación, os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar e os sistemas de cualificación. Tamén se explicará que material é necesario e o seu uso, deixando claro desde o primeiro momento que o material (traelo ou non), constitúe unha das partes da avaliación da materia . Explicaráselle que todos estes datos quedan a súa disposición e a da súa familia na web do instituto.

O noso Departamento considera fundamentais certas intervencións educativas relacionadas con “aprender a aprender”:

- Ter como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Lograr a construción de aprendizaxes significativas.
- Facer que o alumnado modifique os seus esquemas de coñecemento, entendendo o estudo da lingua como unha ferramenta para a expresión comprensión do pensamento
- Incrementar, na medida do posible, as actividades orais do noso alumnado.

Para conseguir todo isto é preciso que o proceso de ensino-aprendizaxe conecte coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e alumnas. Deste xeito, buscaranse textos e formatos de texto que estimulen o interese do alumnado, e contidos que poidan conectar o estudo dos periodos da literatura de 4º da

ESO con temas actuais, facéndolles ver así que a pesar da distancia e da evolución da sociedade, moitas das actitudes e sentimentos que amosa a literatura ao longo da súa evolución histórica seguen a ter vixencia nos nosos días.

Tendo en conta todo o anterior, resta dicir que a metodoloxía vai ser inductiva (sempre do texto á teoría, e non como adoitaba suceder no ensino tradicional), activa e construtiva, de xeito que o alumnado desenvolva e aumente as súas capacidades e habilidades lingüísticas, de expresión e comprensión, orais e escritas. **Tamén vai buscar a potenciación da creatividade, e que o alumnado se sinta protagonista da súa propia aprendizaxe, chegando a adquirir a capacidade -e a conciencia-, da autoavaliación.**

Ademais do libro de texto empregado con material de apoio, traballarase cos contidos e recursos que a profesora cree para a aula virtual, coa prensa escrita, e con material audiovisual.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libros de lectura obrigatoria en cada avaliación
Materiais audiovisuais
Materiais creados para a aula virtual
Antoloxías de textos de cada periodo literario
Antoloxías de textos representativos de cada tipoloxía textual

Todos os materiais elencados no apartado precedente utilizaranse de maneira combinada e seguindo a metodoloxía activa descrita en apartados anteriores.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No primeiro do curso, logo da presentación da docente e das liñas xerais da materia, realizaremos unha proba inicial baseada nos contidos e competencias curriculares relativos ao curso anterior. Esta proba terá un carácter diagnóstico, ademais de ser útil para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou

alumno.

Esta avaliación inicial serviranos para determinar os coñecementos previos de cada alumno ou alumna, e para saber que se traballou o ano anterior, pois, como é natural, este aspecto varía e cambia dependendo das distintas persoas docentes dentro dun mesmo departamento.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>34</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	44	49	56	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	56	51	44	<b>50</b>

**Criterios de cualificación:**

A avaliación vai ser sempre unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, e, en función dos resultados da avaliación, é posible que se produzan reaxustes e que haxa determinados contidos nos que se incida máis ao principio dun trimestre, como por exemplo as normas de ortografía e da correcta escritura na primeira avaliación, e contidos que sexan retomados ao longo de todo o curso. Ademais, no terceiro e



último trimestre, farase unha síntese de todo o dado ao longo do curso para intentar enfrontar con éxito o curso próximo.

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre, e tentarase facer un uso práctico do aprendido ao longo do curso. A cualificación de cada avaliación farase en función do seguinte baremo:

- . 60%: exames escritos (dous parciais por avaliación).
- . 20%: proba ou traballo sobre o libro de lectura obrigatorio.
- . 10%: traballo diario na clase e deberes.
- . 10 %: outras probas escritas (como por exemplo á relativa á ortografía no primeiro trimestre) / probas e ou exposicións orais.

Polo que se refire ás penalizacións, nas probas escritas rebaixaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía distinta (incluídos acentos ortográficos, que descontan -0.10), e fallos de redacción e expresión (ata 2 puntos).

Tamén se inclúen dentro do apartado das penalizacións os negativos por mal comportamento e actitude, e por falta de material, que poden descontar -0.20 sobre a nota da avaliación, no primeiro caso, e sobre a nota do



traballo de clase, no segundo, isto é, no caso de non traer o material.

**Avaliación final:**

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá obter unha media igual ou superior a cinco.

Dado que a nota de cada avaliación debe ser exacta e non se admiten decimais, será a profesora a que decida se redondea de forma positiva ou non en función da evolución, traballo, interese, atención e esforzo de cada alumno ou alumna, e no caso de non contar con negativos por actitude, comportamento, ou falta de material.

**Criterios de recuperación:**

No caso do alumnado que non obteña unha media de cinco ao final do curso, media resultante das tres avaliacións, realizará as probas escritas pertinentes para recuperar o trimestre ou trimestres suspensos. O mesmo é aplicable ás probas sobre o libro de lectura obrigatoria: no caso de que nalgún dos trimestres non se acade a media de cinco, e o suspenso se deba á non superación da proba de lectura, a alumna ou

alumno que se vexa neste caso terá a oportunidade dunha proba de recuperación desa lectura.

O alumnado que promocióne coa materia pendente deberá facer unha proba escrita (80%) e un boletín de exercicios de repaso (20%) en cada avaliación, de tal maneira que a nota final da materia pendente será a media das tres avaliacións.

Polo que se refire ás penalizacións, nas probas escritas rebaixaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía distinta (incluídos acentos ortográficos), mala letra e mala presentación (ata 2 puntos).

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos, ben sexa pola vía da procedencia, a diagnose, ou a propia diversidade social. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe presidir a acción educativa, sendo unha das finalidades da educación asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade

das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Deseño de adaptacións curriculares individualizadas.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas en parellas ou pequenos grupos.
- A resolución razoada e pacífica de discrepancias ou conflitos que poidan xurdir no grupo.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento

das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

A avaliación inicial ao comezo de curso permitiranos detectar que alumnos/as precisan de medidas de atención á diversidade. Estas poderán ser tidas en conta dentro da aula ordinaria ou precisarán dunha atención que poderá ser proporcionada mediante reforzos educativos ou na aula de Pedagogía Terapéutica.

A utilización de distintos materiais didácticos tamén axudará a dar resposta á diversidade das aulas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Datas e efemérides coma o Día Mundial da Paz,, o Día Internacional contra a Volencia de xénero, o 8 de Marzo... entre outras.	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade a través dos textos literarios e humanísticos.	X	X	X
ET.3 - Educación para a tolerancia a través dos textos literarios e humanísticos.	X	X	X
ET.4 - Educación emocional.	X	X	X
ET.5 - Educación medioambiental, a través de textos literarios, e/ou de carácter expositivo ou científico.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación activa no 25N	Colaboración coas actividades realizadas desde o centro, e aportación propia desta materia.	X		
Participación activa no 8 M	Colaboración coas actividades deseñadas desde o centro, e aportación propia da materia.		X	
Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente	Escolma de textos literarios centrados no medio ambiente.			X
Saídas culturais: roteiros literarios, asistencia a obras teatrais e estreas cinematográficas...	Estas actividades faranse desde o Departamento de Lingua castelá e literatura en colaboración co centro.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Aplicación da metodoloxía didáctica establecida na programación
Verificación do bo funcionamento da metodoloxía didáctica
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dos recursos e materiais didácticos propostos para o alumnado en xeral e para a atención á diversidade en particular
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvemento das medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Consecución dun clima de traballo integrador e axeitado para todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informes solicitados polas persoas titoras
Outros
Coordinación dentro do Departamento de Lingua castelá e literatura, e co resto do equipo docente

### Descrición:

Os resultados de cada avaliación van dar a medida do bo funcionamento dos procesos de

ensino-aprendizaxe nesta materia.

Haberá unha coordinación permanente coas outras dúas profesoras do Departamento de Lingua castelá e literatura, así coma co resto do equipo docente, especialmente no caso da titoría propia.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, presentarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro que figuran en apartados previos deste programación.

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao



perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos

establecidos.

## 9. Outros apartados